



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O INSTITUTO GALEGO DO TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADES E TRASTORNOS ASOCIADOS (INGADA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS PARA O ANO 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto co Instituto Galego do Transtorno por Déficit de Atención e Hiperactividades e Transtornos Asociados (INGADA), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e INGADA no desenvolvemento dun proxecto de asesoramento ás familias de membros con TDAH e trastornos asociados que ten como finalidade que estas poidan desenvolver adecuadamente as súas funcións educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social para o que se artellarán programas de carácter preventivo que contribúan a modificación de condutas non desexadas e a adquisición de pautas saudables para a dinámica familiar.

A través desta colaboración, a Consellería de Política Social pretende orientar e asesorar a pais/nais dos nenos sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais ou momentos críticos nos que se atopen os seus fillos, elaborar pautas de actuación e programas de apoio ás familias e derivar aqueles casos que por calquera motivo excedan á competencia das labores do instituto a quen e onde proceda.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e o INGADA é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E- 6204 e ten entre as súas funcións o asesoramento e apoio ás familias con membros con trastornos por déficit de atención e hiperactividades (TDAH) e trastornos asociados para que poidan desenvolver adecuadamente as súas labores educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto do programa subvencionado e a focalización deste no eido familiar, resulta imposible promover a concorrència para a esta subvención, pois esta entidade é a única entidade que desenvolve unha actividade deste tipo que pon o foco na realidade das familias que sofren a doenza dun dos seus fillos/as e, polo tanto, a concesión directa da subvención é a canle máis idónea para que a consellería os seus fins neste particular eido. Deste xeito, o proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos establecidos nos artigos 2 e 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, segundo establece este último artigo, con carácter excepcional, poderán concederse de forma





directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*

